

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA

A Comisión Informativa de Cultura reúne no Pazo provincial ás 12,17 horas do día 22 de abril de 2022, baixo a Presidencia de: **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e coa asistencia dos seguintes deputados/as: **DONA MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ, DONA ANA MARÍA MEJIAS SACALUGA, D. MANUEL GÓNZALEZ MARTÍNEZ, D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ** EN SUBSTITUCIÓN DE D. CARLOS LÓPEZ FONT, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, DONA NOEMÍ OUTEDA PROL, DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS, DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO** EN SUBSTITUCIÓN DE D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JORGE CUBELA LÓPEZ, D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ, DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ, D. IGNACIO MARIL PARDO, DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE, D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS, D. JAVIER TOURÍS ROMERO, DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA**, actúa como Secretario D. Antonio Santos Guerra, xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose o seguinte acordo:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existindo reparo algún, apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 18 de marzo de 2022.

2.- DAR CONTA DAS CONDICIÓNS XERAIS PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATOS DE PATROCINIOS CON ENTIDADES PRIVADAS NO ÁMBITO DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAIS "PONTEVEDRA, PLATÓ DE CINEMA"

A presidencia informa sobre as condicións xerais para a realización de contratos de patrocinios con entidades privadas no ámbito de producións audiovisuais "Pontevedra Plató de Cinema" mediante as que se ofrecen a posibilidade de asinar contratos privados de patrocinio para a realización de proxectos audiovisuais ou obras de animación en galego que melloren a visibilidade e a notoriedade da provincia de Pontevedra, que se aprobaron na Xunta de Goberno do día 8 de abril de 2022 e saíron publicadas no BOPPO núm. 73 de 18 de abril de 2022.

O obxectivo principal desta regulación é promover a industria audiovisual galega, creando valor engadido nos seus proxectos a través da adopción das medidas necesarias para posionalos como un produto cultural capaz de atraer visitantes, proxectar a provincia de Pontevedra como destino, poñer en valor as industrias audiovisuais e creativas e visibilizar boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.

O prazo para a presentación de solicitudes remata o 31 de agosto de 2022.

As solicitudes terán que reunir os requisitos establecidos na base quinta da convocatoria, entre os que figuran: rodaxe exclusivamente en lingua galega, contar cunha porcentaxe de rodaxe en escenarios da provincia de Pontevedra de como mínimo, un 50%, etc.

Esta liña de patrocinios "Pontevedra, Plató de cinema" imputarase á aplicación 22/330.3340.226.02 do Orzamento da Deputación para o ano 2022 por un importe total de noventa mil (90.000,00) € ata esgotar ese crédito.



3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

E non habendo mais asuntos que tratar e sendo as 12,19 horas do mencionado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

